Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A pesares de que o envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, posuímos o triste liderado de ter o índice de cobertura de prazas con financiamento público en centros residenciais para maiores de 65 anos, máis baixo de todas as Comunidades Autónomas. Sitúase no 1,25 (nº de prazas/poboación de máis de 65 anos x 100), cando a media española é de 2,40, segundo os últimos datos oficiais do Imsero.

O presidente da Xunta de Galicia comunicou o pasado 19 de xullo, na rolda de prensa tralo Consello da Xunta, a creación das “casas do maior”, un servizo que segundo informou brindará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos

 Grupo Parlamentario

concellos de menos de 5.000 habitantes, estimando que na primeira convocatoria impúlsense ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que requisitos profesionais se lles esixirá ás persoas que vaian atender directamente ás persoas maiores nestas casas?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 12:59:31

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 12:59:36

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Tras declarar a Xunta de Galicia que o abastecemento público de auga no concello de A Merca (Ourense) non é apto para o consumo pola elevada presenza de trihalometanos, o pasado mes de xuño, o Concello recomendou a través dun bando non usar a auga de abastecemento para consumo humano, ou sexa, nin para beber nin para cociñar con ela, por motivo dos altos niveis de trihalometanos que contén.

Os trihalometanos son compostos orgánicos volátiles froito da reacción da materia orgánica que transporta a auga sen tratar co cloro que se emprega na planta potabilizadora para a súa desinfección. A súa inxesta en cantidades elevadas e durante un longo período de tempo causa danos hepáticos e son “potencialmente canceríxenos” segundo a Axencia Internacional do Cancro. Relaciónase aos trihalometanos co cancro de vexiga, ademais dos danos no fígado e ril, aínda que hai que engadir que estas substancias nocivas atópanse en cantidades ínfimas, co que non se pode precisar tamén o efecto sobre a saúde xa que este só aparecería a moi longo prazo, cun consumo prolongado.

A pesares de que esta situación non é a primeira vez que acontece, non se teñen tomado medidas para solucionar esta problemática, todo elo a pesares do risco que supón para a saúde da poboación, e das incomodidades que provoca non poder utilizar a auga que sae das billas dos fogares deste concello. Ademais a información á poboación é escasa, e máis se temos en conta que a poboación deste concello de preto de 2000 habitantes, incrementase moito durante a época estival.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas tomou a Xunta de Galicia durante estes últimos meses para solucionar os recorrentes problemas de presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga do concello da Merca?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:02:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/07/2018 13:02:14

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:02:18

Raúl Fernández Fernández na data 26/07/2018 13:02:26

María Luisa Pierres López na data 26/07/2018 13:02:31

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As relacións entre persoas do mesmo sexo non están exentas de violencia no seo da parella. Sen embargo, a falla de coñecemento sobre este tipo de violencia non permite identificar esta forma concreta de violencia e, ademais, fai que non se trate ás vítimas cos medios axeitados. As vítimas de violencia intraxénero non están consideradas como vítima de violencia machista e, polo tanto, a violencia exercida en elas, non ten nin a mesma consideración nin o mesmo tratamento. Estamos a falar dun tipo de violencia específica que precisa ser tratada con medios específicos. A violencia intraxénero permanece aínda invisible para boa parte da sociedade onde aínda persisten mitos como que unha muller non pode pegar a outra muller, ou que un home corpulento non pode ser vítima de agresións físicas por parte doutro home, problema que se agrava se temos en conta que moitas vítimas teñen medo a denunciar para que non se coñeza a súa orientación sexual, algo que aproveitan os maltratadores para ameazar ou coaccionar as súas vítimas.

Segundo un informe da Fundación COLEGA, e a pesares da falla de datos oficiais, calcúlase que a violencia intraxénero cobrouse quince vidas nos últimos dez anos en España. Non só os colectivos mostran a súa preocupación por esta situación, senón que os corpos e forzas de seguridade, reclaman pautas para detectar e tratar ás vítimas. Debemos lembrar que, ata o momento, os casos de violencia intraxénero trátanse como casos de violencia machista, asimilándoos a todas as agresións dentro do fogar que non están categorizadas. Así mesmo, os e as profesionais reclaman medidas para identificar este tipo de violencia co obxectivo de que os e as profesionais coñezan a súa existencia, e permitan identificar as diferenzas existentes coa violencia machista e dispoñer de protocolos específicos para afrontala.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego tomar algún tipo de medida durante a X lexislatura para loitar contra a violencia intraxénero?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:05:05

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:05:10

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marián García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de Igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

Así o recolle a Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, que destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos con fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alícuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado. O que é o mesmo, un reparto equitativo das tarefas reprodutivas que permitan avanzar por igual nas produtivas.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados. Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribúen a avanzar neste eido, é necesario seguir afondando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Por todo anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Cales son as medidas que están a desenvolver desde o Goberno da Xunta de Galicia no ámbito da conciliación e corresponsabilidade e en que ámbitos?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:52:37

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:52:57

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 12:53:12

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 12:53:18

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 12:53:35

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 12:53:55

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 12:54:08

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 12:54:42

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:54:58

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/07/2018 12:55:15

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 12:55:29

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, M^aJulia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O pasado ano os xulgados de violencia de xénero recibiron 5.683 denuncias amosando un incremento dun 9% con respecto o ano anterior segundo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Seguimos a ser unha das Comunidades Autónomas ca taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España 36,23 persoas fronte a 56,70 do conxunto do país. A pesares disto queda moito por facer. O aumento no número de denuncias implica que o traballo de prevención, sensibilización e atención van facendo o seu labor, a labor de non calar ante o maltrato.

Coa lexislación, o labor do goberno da Xunta de Galicia, os programas, os proxectos, as actividades das ONGs e da poboación en xeral queremos facer que os datos poidan ser cada vez mellores e acadar a erradicación da violencia machista. Somos conscientes que é unha petición de máximos, pero ese é o fin a acadar.

Diferentes entidades públicas e privadas suman esforzos dun xeito transversal co goberno nesta finalidade. A través de diferentes recursos e dispositivos, a Xunta de Galicia implícase co Colexio Oficial de Psicólogos, co Colexio da Avogacía ou co sector do taxi entre outros para dar uns servizos específicos e especializados.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia deste traballo conxunto como medida de protección e asistencia contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 12:54:50

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:55:06

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 12:55:12

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 12:55:14

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 12:55:24

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 12:55:30

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 12:55:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 12:55:44

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/07/2018 12:55:52

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 12:55:59

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

O 26 de outubro de 2015, tivo lugar a sinatura entre o Ministro de Interior e a Xunta de Galicia, dun Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuacións e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma (UPA).

No marco deste acordo, unha vez superado un curso específico e as correspondentes prácticas nas Comisarías de Policía respectivas, creáronse dentro da Unidade Adscrita, as Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAPs), con funcións idénticas ás das “*Unidades de Familia y Mujer*” (UFAM-Protección) das Comisarías da Policía Nacional.

Deste xeito, a partires do mes de setembro de 2016, o persoal da UPA, integrado nas citadas unidades, comeza facerse cargo das mulleres protexidas, asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Polo exposto, os deputados e deputadas, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

-Que balance fai o Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:04:59

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:05:19

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:05:34

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:05:47

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:05:52

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:06:07

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:06:20

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 13:06:33

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Grupo Parlamentario Popular reiteramos en numerosas ocasións o noso compromiso coa actividade económica e industrial como garantía de xeración de riqueza na nosa terra. Por este motivo apoiamos a instalación de empresas no noso territorio e os plans de inversión das mesmas destinados a consolidar a súa produción e os postos de traballo.

O pasado verán coñeciamos que o consello de administración de Endesa aprobou acometer os traballos de adaptación da planta das Pontes á Directiva de Emisións Industriais (DEI) da Unión Europea, que requerirá dunha inversión de 218 millóns de euros. Con este proxecto, a intención da eléctrica é prolongarlle a vida útil outros vinte anos, ademais de reducir substancialmente as súas emisións.

En concreto, as medidas a implantar consisten na mellora da desulfuración e a desnitrificación no proceso de xeración de electricidade. Segundo o publicado, con esta intervención, reducirase nun 80 % as emisións de dióxido de azufre e o 60 % as de óxido de nitróxeno. Deste xeito, avanzouse que comezarán este mesmo ano a obra, e que se prolongarán durante catro exercicios, ata xuño de 2020.

Na pasada vaga de frío e seca propiciada polo prolongado anticiclón de comezos de ano, as centrais galegas que utilizan carbón traballaron a pleno rendemento debido ao baixo aporte ao *pool* eléctrico das eólicas e hidráulicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a inversión de 218 millóns de euros anunciada por Endesa na central das Pontes?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:46:27

Maria Antón Vilasánchez na data 27/07/2018 13:46:36

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 13:46:42

Marta Novoa Iglesias na data 27/07/2018 13:46:49

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 13:46:56

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 13:47:04

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2018 13:47:12

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que a creación de emprego e a consolidación do crecemento económico seguen a ser os principais obxectivos desta lexislatura, logo dos difíciles anos de recesión.

Dentro desta preocupación xenérica, consideramos que as administracións deben estar especialmente vixiantes e apoiar a contratación en colectivos sensíbles como os parados de longa duración, a xente nova ou as mulleres, que maioritariamente teñen barreiras de entrada ao mercado laboral máis acusadas.

Por iso, debemos estar pendentes da evolución das taxas de desemprego, ocupación e afiliacións á Seguridade Social. Sen dúbida, debemos celebrar que Galicia encadee xa moitos trimestres de evolución favorable dos datos de emprego, pero tamén ser conscientes das particularidades do mercado laboral galego e as carencias que presente, para que as actuacións do Goberno sexan o máis axeitadas posible ás necesidades dos cidadáns.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última Enquisa de Poboación Activa?

Santiago de Compostela 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:50:03

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:50:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:50:18

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:50:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:50:31

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 13:50:38

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:50:46

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:50:53

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:51:00

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno Galego e máis concretamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria está a implementar a Axenda 20 para o Emprego para impulsar o emprego estable e de calidade para o modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta folla de ruta ten como obxectivo o de reducir o de desemprego ata o 10% coa creación de 100.000 postos de traballo laborais ata 2020. Para iso céntrase en tres retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos a 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral; e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes de emprego.

Por iso, o Goberno galego acaba de por en marcha 100 obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance realiza o Goberno galego dos obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:56:11

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 13:56:21

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:56:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:56:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:56:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:56:45

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:56:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:56:58

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:57:06

A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Entre a necesidade e o verdadeiro convencemento, cada vez hai máis empresas que perderon o medo a saír o estranxeiro. As empresas internacionalizadas son máis competitivas, teñen uns índices de produtividade máis elevados e obteñen un volume de negocio un 50% superior as que non o fan. Todo isto xera máis e mellor ocupación, polo que crea máis emprego, de maior cualificación e mellor retribuído.

En consonancia coa aposta que se fixo dende 2009 por fomentar esta orientación do tecido empresarial galego cara o exterior, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou as eleccións de 2016 facíase a consideración de que *“Na próxima lexislatura continuaremos co fortalecemento do tecido empresarial galego mediante a consolidación da súa internacionalización, porque o incremento da proxección internacional das empresas galegas, xunto coa captación de investimentos estranxeiros, resulta fundamental para o crecemento da economía na súa vertente de comercialización e de formación bruta de capital”*.

Concretamente comprometíase *“Continuar co desenvolvemento da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020. A Xunta de Galicia seguirá a impulsar servizos e instrumentos de apoio á internacionalización das empresas galegas”*.

En coherencia co noso programa, seguimos considerando que a internacionalización é unha vía irrenunciable para mellorar a competitividade das empresas galegas e recuperar o crecemento económico. O IGAPE apoia as iniciativas de internacionalización das empresas galegas con un amplo abanico de servizos e axudas financeiras tanto en orixe como en destino.

Polo exposto anteriormente, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Que instrumentos está a desenvolver o Goberno para apoiar a internacionalización do tecido empresarial ?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 14:04:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 14:04:36

Maria Antón Vilasánchez na data 27/07/2018 14:04:48

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 14:04:57

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 14:05:08

Marta Novoa Iglesias na data 27/07/2018 14:05:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2018 14:06:32

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Durante os últimos anos, desde o Grupo Popular temos expresado como unha das nosas maiores preocupacións é a creación de emprego e a mellora das condicións do mesmo. Para isto, é fundamental que os traballadores se adapten ás necesidades cambiantes do mercado. Así, entendemos que desde as administracións se debe favorecer a mellora da formación dos traballadores nos sectores cuxa empregabilidade sexa maior e de maior calidade.

Neste sentido, o Partido Popular adquiriu o compromiso electoral de *‘avanzar na actualización e na renovación do sistema de formación, para que sexa axeitado ás necesidades das empresas; para poder facer efectivo o dereito dos traballadores á súa formación, mellora da súa cualificación; e para poder avaliar todo o sistema en función dos resultados acadados’*.

Con estes obxectivos de potenciar a liberdade na oferta e na demanda de formación e na atención ás necesidades do mercado, entendemos que a implantación dun novo sistema de formación para o emprego debe ter como un dos seus piares fundamentais a adaptación da formación as persoas traballadoras ás esixencias dos sectores emerxentes e á industria 4.0; así como a través dunha oferta de cualificación máis completa e flexible que sexa acorde coas demandas reais do tecido produtivo galego, e, polo tanto, que contribúa máis intensamente á inserción laboral e o desenvolvemento profesional das persoas beneficiarias, a modificación do financiamento da formación mediante regras que garantan a seguridade xurídica, implantando un sistema de módulos e custes simplificados para todos os certificados de profesionalidade que se impartan, ou a avaliación de todas as actividades formativas en función da inserción laboral acadada.

Para dar resposta a estas necesidades, a Xunta de Galicia, ten activada unha iniciativa pioneira como as convocatorias para as Unidades Formativas na Empresa galega tanto para persoas ocupadas como desempregadas, coas que se ofrece unha formación especializada e á carta. Segundo o explicado polo Goberno galego, con esta iniciativa para traballadores, recibirán cualificación 2.100 traballadores, en mais de 500 empresas de sectores estratéxicos vinculados coa Axenda Industria 4.0, para o que se destinou 46,5 millóns de euros, porque o obxectivo é que o crecemento económico en Galicia continúe e se traduza en mais emprego e de mais calidade.

O executivo autonómico di financiar o 100% da cualificación, priorizando actuacións vinculadas co naval, a silvicultura, transformación da madeira, fabricación de compoñentes electrónicos e ordenadores, automoción, aeronáutica, fabricación de mobles, edición de programas informáticos e telecomunicacións e actividades relacionadas coa informática.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Cales son os resultados que se esperan conseguir coas convocatorias de axudas de unidades formativas na empresa dirixida a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:54:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:54:21

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:54:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:54:37

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 13:54:48

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:55:01

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:55:21

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:55:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 13:55:41

Á Mesa do Parlamento

Ma Julia Rodríguez Barreira, Marián García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Concelleira de Igualdade do Concello de Monforte de Lemos ven de denunciar públicamente que non recibe axudas doutras administracións, e mesmo a falta de apoio da Xunta de Galicia e do goberno central.

Tendo coñecemento dos múltiples programas de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade pon a disposición dos Concellos, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cal é a relación de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade ten posto a disposición das Entidades Locais no exercicio 2017 e no que vai de 2018?
2. Cales desas axudas foron solicitadas polo Concello de Monforte de Lemos?
3. Cales das axudas solicitadas polo Concello de Monforte de Lemos foron concedidas, por qué importes e cales foron rexeitadas e cales foron os motivos do rexeitamento de ser o caso?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 12:56:20

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 12:56:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:56:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:57:01

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 12:57:08

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:57:30

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:57:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:58:30

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:59:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:59:34

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Plan Integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade nace como compromiso asumido polo noso país para previr, sancionar e reprimir a trata de persoas, facendo fincapé nas mulleres e nenas (Protocolo de Palermo, 2000). O primeiro instrumento internacional que fai referencia dun xeito explícito á trata de seres humanos.

O Protocolo de Palermo pon de manifesto este grave atentado contra os Dereitos Humanos ca esixencia de incorporar na axenda política a loita contra a trata e a explotación sexual. É fundamental o traballo de prevención, reparación ás vítimas, asistencia e protección.

Todas administracións estatais, autonómicas e locais deben unir esforzos contra esta lacra da man das organizacións e entidades públicas e privadas que traballan na loita para promover e protexer ás persoas colocando ás posible afectadas no centro de tódalas actuacións.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:50:32

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:50:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:50:47

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:50:52

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 12:50:58

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:51:06

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:51:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:51:18

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:51:25

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:51:31

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de “propaganda” en cada un dos proxectos lexislativos que trae a este Parlamento, a actividade lexislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certa na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fondamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 12/2016, do 22 xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:52:08

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:52:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:52:22

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:52:27

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 12:52:32

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:52:39

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:52:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:52:52

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:52:58

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:53:04

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O pasado ano os xulgados de violencia de xénero recibiron 5.683 denuncias amosando un incremento dun 9% con respecto o ano anterior segundo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Seguimos a ser unha das Comunidades Autónomas ca taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España 36,23 persoas fronte a 56,70 do conxunto do país. A pesares disto queda moito por facer. O aumento no número de denuncias implica que o traballo de prevención, sensibilización e atención van facendo o seu labor, a labor de non calar ante o maltrato.

Coa lexislación, o labor do goberno da Xunta de Galicia, os programas, os proxectos, as actividades das ONGs e da poboación en xeral queremos facer que os datos poidan ser cada vez mellores e acadar a erradicación da violencia machista. Somos conscientes que é unha petición de máximos, pero ese é o fin a acadar.

Diferentes entidades públicas e privadas suman esforzos dun xeito transversal co goberno nesta finalidade. A través de diferentes recursos e dispositivos, a Xunta de Galicia implícase co Colexio Oficial de Psicólogos, co Colexio da Avogacía ou co sector do taxi entre outros para dar uns servizos específicos e especializados.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as medidas concretas de atención ás vítimas de violencia de xénero que se están a levar a cabo a través de convenios con colectivos profesionais?
2. Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia deste traballo conxunto como medida de protección e asistencia contra a violencia machista?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:03
Nº Rexistro: 33826
Data envío: 27/07/2018 13:03:10.436

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 12:53:27

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:53:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:53:40

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:53:46

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 12:53:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:53:59

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:54:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:54:18

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:54:24

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 12:54:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A integración da igualdade de oportunidades na totalidade de actuacións das administracións públicas depende, en grande medida, da formación das persoas que traballan nelas.

Por este motivo, tanto o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recollen como obxectivos do Goberno galego a promoción e oferta deste tipo de formación ao persoal da administración autonómica.

De feito, o Goberno galego leva anos impartindo accións formativas en materia de igualdade e violencia de xénero, nomeadamente a través da Escola Galega de Administración Pública. Unhas actuacións que tamén se plasman na súa folla de ruta para os vindeiros anos, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

En 2017 a Xunta de Galicia imprimiu un novo avance neste eido, pioneiro a nivel estatal, ao regular por decreto este tipo de formación para todo o persoal ao servizo da administración autonómica. Fíxose a través do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. De que xeito se está a implantar o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Cales son as temáticas xerais e específicas que se impartirán?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:56:23

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:56:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:56:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:56:41

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 12:56:46

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:56:55

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:57:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:57:10

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:57:16

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:57:22

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Estatuto de Autonomía de Galicia afirma que son os poderes públicos da nosa comunidade autónoma os que deben promover a liberdade e a igualdade individual e/ou grupal para que sexa real e efectiva, eliminando as barreiras que non faciliten a súa plenitude.

E a nosa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero amosa a aposta para a eliminación de calquera tipo de violencia contra a muller, ben coas que o agresor ten vínculos afectivos ou os tivo nalgún momento, ou ben para aquelas coas que o agresor non tivo relación.

A pesares do avance lexislativo, compre ter en conta outras medidas de actuación de cara a facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas de violencia machista en situación de discriminación múltiple: mulleres con discapacidade, en risco de exclusión social ou mulleres que se atopan baixo o limiar da pobreza, migrantes, mulleres do medio rural sen recursos, menores, maiores, mulleres con algunha dependencia... Así pois, todas aquelas mulleres e nenas que se atopan nunha situación máis vulnerable polas súas características sociais, físicas ou psíquicas.

A vulnerabilidade que presenta unha muller como consecuencia da violencia de xénero pode verse agravada polas súas circunstancias persoais e sociais, xerando unha discriminación múltiple que dificulta o acceso a información e asesoramento e tamén ós recursos dispoñibles e á atención.

Conscientes desa situación, o Partido Popular de Galicia quixo reflectir o seu compromiso para erradicar a posible discriminación neste eido no programa electoral

co que gañou as eleccións autonómicas de 2016, falando explicitamente de “facilitación dunha resposta específica ás mulleres vítimas en situación de discriminación múltiple”.

Polo exposto, os deputados formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas de violencia machista en situación de especial vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:57:53

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:57:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:58:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:58:10

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 12:58:16

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:58:23

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:58:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:58:37

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:58:44

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:59:08

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero no artigo 19 garante dende 2004 o dereito a unha asistencia social integral, o dereito das mulleres a servizos sociais de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación.

Na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, no seu Título III da Organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte a violencia de xénero, no Artigo 49 aparece a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, comprometéndose a Xunta de Galicia á posta en marcha deste Centro para as mulleres que sofren violencia de xénero e levando a cabo no mesmo unha atención integral, cun sistema coordinado de recursos, servizos e medidas económicas, laborais e sociais, sendo asemade centro coordinador da rede galega de acollemento.

No ano 2014 este compromiso legal fíxose realidade coa posta en funcionamento do devandito centro en Santiago de Compostela, converténdose así, xunto coa unidade da Comunidade Autónoma de Asturias, en servizos pioneiros no noso país: un recurso cunha atención multidisciplinar específica e especializada para a atención as mulleres vítimas de violencia machista e os seus fillos e fillas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia da actividade do Centro de Recuperación Integral na atención a mulleres vítimas de violencia e a menores desde a súa posta en funcionamento?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:04
Nº Rexistro: 33830
Data envío: 27/07/2018 13:04:00.984

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 12:59:35

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:59:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:59:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:59:54

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 13:00:00

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:00:07

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:00:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:00:20

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:00:26

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 13:00:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Observatorio galego contra a violencia de xénero constituíuse no ano 2014 co obxectivo fundamental de coordinar o labor das institucións que loitan contra esta lacra na Comunidade Autónoma. Así, Xunta de Galicia, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Fiscalía Superior de Galicia, FEGAMP, colectivos sociais, organizacións sindicais, entidades de apoio á muller e representantes de diferentes medios de comunicación participan no seo do Observatorio.

Trátase dun organismo consultivo que avalía as políticas de protección e prevención da violencia de xénero e vela polo seu cumprimento. Neste marco, recolle e analiza datos co fin de dispoñer dunha estatística fiable na Comunidade Autónoma e elabora informes relacionados con este eido.

Un dos tres grupos de traballo que se crearon dentro do Observatorio veu dedicando os seus esforzos á elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia. O documento, que foi finalmente publicado no mes de xullo de 2017, prevé, entre outros aspectos, que as persoas vítimas de violencia de xénero contén cunha persoa profesional única de referencia na súa relación coa administración e establece protocolos claros de actuación para o persoal que intervéñen nos diferentes ámbitos (sanitario, educativo, xudicial, etc.).

A Secretaria Xeral de Igualdade deu boa conta do contido do texto na súa comparecencia do día 28 de setembro de 2017 na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia.

Cómpre agora coñecer as accións que se están a desenvolver para acadar a efectiva implantación das previsións do Protocolo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a desenvolver a Xunta de Galicia para favorecer o coñecemento e aplicación das previsións recollidas no Protocolo de coordinación e cooperación institucional contra a violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:00:55

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:01:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:01:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:01:13

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 13:01:18

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:01:26

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:01:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:01:41

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:01:48

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:01:54

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vazquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A transversalidade de xénero nace das necesidades propias dunha sociedade moderna. O indicaba nestes termos o Consello de Europa no ano 1999, cun fin moi concreto: acadar a mellora, a organización, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos de tal xeito que a perspectiva de igualdade de xénero estea presente en tódalas políticas, en tódalas etapas e en tódolos niveis converténdose na ruta a seguir para acadar a igualdade entre mulleres e homes.

Deste xeito, tódolos organismos de goberno transfórmanse en elementos activos e asumen a súa responsabilidade de traballar fomentando a igualdade entre homes e mulleres dende a súa perspectiva de actuación. Dende tódolos eidos e xeitos de facer.

Os avances neste sentido véñense impulsando de xeito destacado no Goberno galego dende a creación no ano 2013 dunha comisión interdepartamental encargada da integración das políticas de xénero na acción e na política do Goberno galego. Formouse un grupo técnico de traballo para avaliar a integración da perspectiva de xénero nos diferentes eidos de traballo e asemade houbo formación específica para as persoas con responsabilidade política en igualdade para levar a bo termo os obxectivos propostos.

Porén, o Partido Popular de Galicia quere seguir avanzando e por iso comprometeu no programa electoral co que gañou as eleccións autonómicas a necesidade de “consolidar a integración do principio de igualdade nas políticas da Xunta de Galicia” a través de, entre outras medidas, a probación dun VII Plan Estratéxico de Igualdade que viu a luz en marzo de 2017.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:04
Nº Rexistro: 33832
Data envío: 27/07/2018 13:04:29.969

- 1.- Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para consolidar a integración do principio de igualdade nas políticas autonómicas mediante o reforzo da transversalidade de xénero no conxunto da súa actividade?
- 2.- De que xeito está a Comisión Interdepartamental da Igualdade axudando a fiscalización dos obxectivos fixados?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 12:49:08

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:49:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:49:25

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:49:31

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 12:49:36

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:49:44

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:49:52

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:49:58

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:50:04

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:50:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Administración pública ten a responsabilidade de velar porque se teñan en conta e se promovan a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos. Entre as súas misións está a de impulsar a igualdade de oportunidades, así como erradicar a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada en calquera das súas modalidades e consecuencias

As políticas e os programas que as administracións públicas propoñen en materia de igualdade e violencia de xénero deben facer fincapé nas medidas favorables ao recoñecemento do papel fundamental desempeñado polas mulleres nos procesos sociais, económicos e políticos, á participación das mulleres na xestión do poder e ao seu acceso á independencia económica en igualdade de condicións.

Neste sentido, o Plan de formación anual da Escola Galega de Administración Pública conta con actividades formativas específicas e transversais en igualdade e violencia de xénero. A estas accións súmanse tamén as accións formativas levadas a cabo ao abeiro das subvencións concedidas pola Escola ás entidades locais.

Tendo en conta a recente aprobación do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e co fin de adaptarnos ás novas exixencias da regulación autonómica os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:09
Nº Rexistro: 33833
Data envío: 27/07/2018 13:09:10.115

-Que formación específica levará a cabo a Escola Galega de Administración Pública para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, así como sensibilizar, previr e fomentar a loita contra a violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2.018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 13:07:12

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:07:24

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:07:40

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:07:53

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:08:12

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:08:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:08:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas dos concellos de Galicia, tendo as asociacións que se constitúan con esta finalidade a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, erixíndose nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

As asociacións de veciños estanse a converter nun elemento esencial na relación entre as administracións públicas e a cidadanía. O labor que estas asociacións están a desenvolver facilita a interlocución fluída e produtiva entre administración e administrados, colaborando de xeito decidido en alcanzar un maior grao de participación da cidadanía naquelas decisións que afectan directamente os seus intereses.

A Xunta de Galicia ten amosado interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia, entendendo que o eido local é o máis acaído para o fomento desta participación, pola súa proximidade co administrado e pola natureza das decisións que en el se adoptan.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

-Cales son as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia a prol do asociacionismo veciñal en Galicia ?

Santiago de Compostela, 27 de Xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:16:01

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:16:24

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 13:16:39

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:17:00

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:17:24

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:17:43

Diego Calvo Pouso na data 27/07/2018 13:17:47

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:17:58

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:18:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/07/2018 13:18:52

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 13:19:09

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

O ano 2017 puxo fin ao terceiro ciclo da planificación da política pública de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, ao ser o último ano de execución do III Plan Director 2014- 2017.

O deseño do novo ciclo de planificación debe efectuarse de xeito participativo, e en continuo diálogo coas entidades do sector galego de cooperación, e vir marcado, como non pode ser doutro xeito, pola necesidade de incorporar a Axenda 2030, os ODS e a vontade de aliñarse co V Plan Director da Cooperación Española, en proceso de elaboración.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia conseguiu a confianza maioritaria da cidadanía galega en outubro de 2016 recollíase expresamente este obxectivo: “Elaborar o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2022, aliñado coa Axenda Global de Desenvolvemento 2030, que integre no seu marco estratéxico e operativo o horizonte definido polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados pola comunidade internacional a finais de 2015” polo que dende o Grupo Popular consideramos que é o momento de impulsalo, do mesmo modo que no pasado ano impulsamos a través dunha proposición non de Lei a elaboración dun decreto regulador da cooperación exterior que foi aprobado pola Xunta meses despois.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Cales serán as orientacións e liñas xerais de actuación da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento para os vindeiros catro anos ?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:12:33

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:13:02

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:13:15

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:13:40

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:13:54

Diego Calvo Pouso na data 27/07/2018 13:14:02

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:14:29

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 13:14:44

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 , 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

O 15 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo asumiu a presidencia *pro tempore* da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal.

No decurso do Plenario, celebrado na cidade de Braga, fíxose efectivo o traspaso de poderes do Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal ao Presidente da Xunta de Galicia.

Unha das primeiras actuacións que se desenvolveu foi a preparación dun "Plan de acción para a Presidencia da Comunidade de Traballo", no que se definen as principais actividades, sectores e eixos estratéxicos nos que centrar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal no bienio 2017 – 2019.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Comisión:**

-Cales son as principais actividades desenvolvidas e como se está a executar o "Plan de Acción para a Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal"?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:19:48



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:22
Nº Rexistro: 33839**
Data envío: 27/07/2018 13:22:35.443

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:19:59

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 13:20:20

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:20:36

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:20:57

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:21:07

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:21:19

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 13:21:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Grupo Parlamentario Popular reiteramos en numerosas ocasións o noso compromiso coa actividade económica e industrial como garantía de xeración de riqueza na nosa terra. Por este motivo apoiamos a instalación de empresas no noso territorio e os plans de inversión das mesmas destinados a consolidar a súa produción e os postos de traballo.

O pasado verán coñeciamos que o consello de administración de Endesa aprobou acometer os traballos de adaptación da planta das Pontes á Directiva de Emisións Industriais (DEI) da Unión Europea, que requerirá dunha inversión de 218 millóns de euros. Con este proxecto, a intención da eléctrica é prolongarlle a vida útil outros vinte anos, ademais de reducir substancialmente as súas emisións.

En concreto, as medidas a implantar consisten na mellora da desulfuración e a desnitrificación no proceso de xeración de electricidade. Segundo o publicado, con esta intervención, reducirase nun 80 % as emisións de dióxido de azufre e o 60 % as de óxido de nitróxeno. Deste xeito, avanzouse que comezarán este mesmo ano a obra, e que se prolongarán durante catro exercicios, ata xuño de 2020.

Na pasada vaga de frío e seca propiciada polo prolongado anticiclón de comezos de ano, as centrais galegas que utilizan carbón traballaron a pleno rendemento debido ao baixo aporte ao *pool* eléctrico das eólicas e hidráulicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a inversión de 218 millóns de euros anunciada por Endesa na central das Pontes?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:44:37

Maria Antón Vilasánchez na data 27/07/2018 13:44:51

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 13:44:59

Marta Novoa Iglesias na data 27/07/2018 13:45:06

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 13:45:14

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 13:45:19

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2018 13:45:28

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que a creación de emprego e a consolidación do crecemento económico seguen a ser os principais obxectivos desta lexislatura, logo dos difíciles anos de recesión.

Dentro desta preocupación xenérica, consideramos que as administracións deben estar especialmente vixiantes e apoiar a contratación en colectivos sensibles como os parados de longa duración, a xente nova ou as mulleres, que maioritariamente teñen barreiras de entrada ao mercado laboral máis acusadas.

Por iso, debemos estar pendentes da evolución das taxas de desemprego, ocupación e afiliacións á Seguridade Social. Sen dúbida, debemos celebrar que Galicia encadee xa moitos trimestres de evolución favorable dos datos de emprego, pero tamén ser conscientes das particularidades do mercado laboral galego e as carencias que presente, para que as actuacións do goberno sexan o máis axeitadas posible ás necesidades dos cidadáns.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Consellería de Economía, Emprego e Industria dos datos que achega para Galicia a última Enquisa de Poboación Activa?

Santiago de Compostela 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:48:12

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:48:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:48:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:48:35

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:48:41

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 13:48:46

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:48:53

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:49:00

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:49:07

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Durante os últimos anos, desde o Grupo Popular temos expresado como unha das nosas maiores preocupacións é a creación de emprego e a mellora das condicións do mesmo. Para isto, é fundamental que os traballadores se adapten ás necesidades cambiantes do mercado. Así, entendemos que desde as administracións se debe favorecer a mellora da formación dos traballadores nos sectores cuxa empregabilidade sexa maior e de maior calidade.

Neste sentido, o Partido Popular adquiriu o compromiso electoral de *‘avanzar na actualización e na renovación do sistema de formación, para que sexa axeitado ás necesidades das empresas; para poder facer efectivo o dereito dos traballadores á súa formación, mellora da súa cualificación; e para poder avaliar todo o sistema en función dos resultados acadados’*.

Con estes obxectivos de potenciar a liberdade na oferta e na demanda de formación e na atención ás necesidades do mercado, entendemos que a implantación dun novo sistema de formación para o emprego debe ter como un dos seus piares fundamentais a adaptación da formación as persoas traballadoras ás esixencias dos sectores emerxentes e á industria 4.0; así como a través dunha oferta de cualificación máis completa e flexible que sexa acorde coas demandas reais do tecido produtivo galego, e, polo tanto, que contribúa máis intensamente á inserción laboral e o desenvolvemento profesional das persoas beneficiarias, a modificación do financiamento da formación mediante regras que garantan a seguridade xurídica, implantando un sistema de módulos e custes simplificados para todos os certificados de profesionalidade que se



impartan, ou a avaliación de todas as actividades formativas en función da inserción laboral acadada.

Para dar resposta a estas necesidades, a Xunta de Galicia, ten activada unha iniciativa pioneira como as convocatorias para as Unidades Formativas na Empresa galega tanto para persoas ocupadas como desempregadas, coas que se ofrece unha formación especializada e á carta. Segundo o explicado polo Goberno galego, con esta iniciativa para traballadores, recibirán cualificación 2.100 traballadores, en máis de 500 empresas de sectores estratéxicos vinculados coa Axenda Industria 4.0, para o que se destinou 46,5 millóns de euros, porque o obxectivo é que o crecemento económico en Galicia continúe e se traduza en mais emprego e de mais calidade.

O executivo autonómico di financiar o 100% da cualificación, priorizando actuacións vinculadas co naval, a silvicultura, transformación da madeira, fabricación de compoñentes electrónicos e ordenadores, automoción, aeronáutica, fabricación de mobles, edición de programas informáticos e telecomunicacións e actividades relacionadas coa informática.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Cales son os resultados que se esperan conseguir coas convocatorias de axudas de unidades formativas na empresa dirixida a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas ?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:51:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:51:54

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:52:15

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:52:23

Marta Rodríguez Arias na data 27/07/2018 13:52:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:52:47

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:53:01

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:53:13

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:53:31

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno Galego e máis concretamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria está a implementar a Axenda 20 para o Emprego para impulsar o emprego estable e de calidade para o modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta folla de ruta ten como obxectivo o de reducir o de desemprego ata o 10% coa creación de 100.000 postos de traballo laborais ata 2020. Para iso céntrase en tres retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos a 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral; e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes de emprego.

Por iso, o Goberno galego acaba de por en marcha 100 obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que balance realiza o Goberno galego dos obradoiros duais de emprego que inclúen formación e un contrato?
2. Cal vai ser o obxecto de actuación destes obradoiros duais de emprego?
3. Cal é o orzamento total para a posta en marcha destes 100 obradoiros duais?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 13:54:07

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 13:54:19

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 13:54:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 13:54:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 13:54:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 13:54:45

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:54:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 13:55:00

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 13:55:08

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Entre a necesidade e o verdadeiro convencemento, cada vez hai máis empresas que perderon o medo a saír o estranxeiro. As empresas internacionalizadas son máis competitivas, teñen uns índices de produtividade máis elevados e obteñen un volume de negocio un 50% superior as que non o fan. Todo isto xera máis e mellor ocupación, polo que crea máis emprego, de maior cualificación e mellor retribuído.

En consonancia coa aposta que se fixo dende 2009 por fomentar esta orientación do tecido empresarial galego cara o exterior, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou as eleccións de 2016 facíase a consideración de que *“Na próxima lexislatura continuaremos co fortalecemento do tecido empresarial galego mediante a consolidación da súa internacionalización, porque o incremento da proxección internacional das empresas galegas, xunto coa captación de investimentos estranxeiros, resulta fundamental para o crecemento da economía na súa vertente de comercialización e de formación bruta de capital”*.

Concretamente comprometíase *“Continuar co desenvolvemento da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020. A Xunta de Galicia seguirá a impulsar servizos e instrumentos de apoio á internacionalización das empresas galegas”*.

En coherencia co noso programa, seguimos considerando que a internacionalización é unha vía irrenunciable para mellorar a competitividade das empresas galegas e recuperar o crecemento económico. O IGAPE apoia as iniciativas de internacionalización das empresas galegas con un amplo abanico de servizos e axudas financeiras tanto en orixe como en destino.

Polo exposto anteriormente, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que instrumentos está a desenvolver o Goberno para apoiar a internacionalización do tecido empresarial?
2. Como avalía a Xunta a evolución das exportacións das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 14:00:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 14:00:59

Maria Antón Vilasánchez na data 27/07/2018 14:01:12

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 14:01:25

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 14:01:33

Marta Novoa Iglesias na data 27/07/2018 14:01:46

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2018 14:01:58

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Sen dúbida, a Xustiza gratuíta e a Quenda de Oficio constitúen unha boa parte desa prestación dun servizo público, malia que o Goberno galego as tivera esquecidas durante case unha década, pois as contías que reciben os profesionais da quenda estiveron conxeladas dende o ano 2009 ata o actual 2018 e as melloras acadadas non cobren nin de lonxe a media estatal.

Así, o XII Informe do Observatorio de Xustiza Gratuíta Avogacía Española-Wolters Kluwer (que analizou máis de 7500 datos aportados polos 83 colexios de avogados existentes en España) concluíu que en 2017 houbo unha leve recuperación do investimento total en xustiza gratuíta, cun incremento do 1,9 % con respecto a 2016. As comunidades autónoma que máis investiron foron Cataluña (con case un 3 % de suba), Madrid (cun 6 %), Andalucía (cun 4,6 %), Valencia, Canarias e Euskadi (as tres por debaixo do 1 %). Así mesmo, segundo o Informe “Investimento en Xustiza. Investimento en Xustiza Gratuíta” elaborado pola Universidade Carlos III, as comunidades autónomas con máis investimento en xustiza gratuíta (por riba da media estatal) foron Cataluña, Canarias, Andalucía, Ceuta e Melilla; un segundo grupo (con valores preto do nivel estatal) formado por Madrid, Valencia, Asturias, Extremadura e Murcia e un terceiro grupo (máis afastado do nivel do Estado) formado por Galicia, Euskadi, Baleares, Navarra, Castela-La Mancha, Cantabria, Castela e León, Aragón e La Rioja.

Por outro lado, nos orzamentos Xerais do Estado, en materia de xustiza gratuíta, o Ministerio de Xustiza xa se ten comprometido a executar o incremento do 30,8 % previsto.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que lle parece ao Goberno galego que Galicia sexa unha das comunidades autónomas por debaixo da media estatal en investimento en xustiza gratuíta?
2. Que lle parece ao Goberno que Galicia sexa unha das comunidades autónomas que menos ten investido en xustiza gratuíta no ano 2017 respecto de 2016?
3. Está o Goberno contento con estes datos?
4. Que ten pensado facer para melloralos?
5. Vai crear o Goberno unha partida orzamentaria para incrementar as compensacións económicas das letradas e letrados que prestan o servizo, poñendo a Galicia por riba da media estatal de investimento das comunidades autónomas en xustiza gratuíta?
6. Cantos asuntos de xustiza gratuíta foron atendidos en Galicia en 2017? Cantos da Quenda de Oficio?
7. Cantas persoas avogadas hai adscritas á Quenda de Oficio en Galicia? Cantas son mulleres?
8. Vai ampliar o Goberno as especialidades da Quenda de Oficio para facer fronte ás novas demandas e problemas sociais?
9. Pensa o Goberno que cómpre a creación dun organismo de seguimento do sistema que propicie a homoxeneización dos criterios das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/07/2018 12:22:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/07/2018 12:22:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2018 12:22:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindicán tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda, dando cobertura axeitada as baixas e vacacións do persoal, especialmente en relación ao persoal do Punto de Atención Continuada no que profesionais do servizo están a denunciar a falta de substitucións.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:



- Cando ten pensado a Xunta de Galicia realizar as obras comprometidas para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño?
- Vai a incluír nos vindeiros orzamentos unha partida suficiente para poder levar a cabo as obras?
- Que explicación ten a Xunta de Galicia para non ter acometido xa ditas obras?
- Considera normal a situación de saturación que existe no Centro de Saúde do Porriño por falta da súa ampliación e dotación dos medios técnicos e humanos necesarios?
- Cales son os criterios polos que non se están a cubrir as substitucións do persoal do PAC?
- Cando pensa a Xunta de Galicia dar unha cobertura axeitada nas substitucións de persoal do PAC?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/07/2018 13:17:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Cada vez son máis as denuncias en diferentes concellos por falta dunha cobertura axeitada dos servizos nos centros de saúde.

Durante as campañas electorais, a Xunta levou a cabo a inauguración de varios centros de saúde que pasadas as eleccións, quedaron esquecidos. A política de inauguración deses centros sen que despois se lles dese unha cobertura axeitada dos servizos en función das demandas de poboación, está a constituír unha eiva na atención primaria deses municipios que ven como aumentan as listas de espera nos facultativos de atención primaria .

Este é o caso do centro de saúde de Ares, con 5672 habitantes e 4838 tarxetas sanitarias está menos dotado que concellos máis pequenos da súa contorna. Tendo en conta ademais, que algún Servizo como o de pediatría é compartido co Concello de Mugardos, sumando os dous concellos un total de 979 nenos e nenas menores de catro anos.

Segundo as demandas da poboación, no centro de saúde faría falta reforzo dos seguintes servizos:

- 1 médico de familia a maiores, máis a cobertura das baixas e vacacións das e dos que xa están.
- 2 ATS a maiores.
- Servizo de pediatría a xornada completa.
- Servizo de fisioterapia.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Por que non se lle da unha cobertura axeitada ao servizos do Centro de Saúde de Ares?
- Cando ten pensado a Xunta de Galicia dotar de servizos suficientes o Centro de Saúde?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/07/2018 13:30:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

O pasado 11 de xullo o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, por medio dunha resolución asinada polo director xeral de pesca e acuicultura, resolvía o peche da pesquería da sardiña para o arte do Xeito.

Este resolución non é comprensible dende ningún punto de vista, dado que polos datos que se teñen de descargas de sardiña por parte do sector do xeito, a día de hoxe aínda restan preto de Tn dispoñibles sobre o total anual.

A comisión do Xeito que xestiona o reparto que figura no plan da sardiña Ibérica tiña establecido uns repartos mensuais por tripulante e buque para facilitar a auto xestión, pero en ningún caso a resolución atendeu este reparto nin as posibilidades de transvase entre meses que figuran no mesmo.

O Xeito é un arte tradicional, absolutamente respetuoso co medio e que apenas ten pegada sobre o stock da sardiña como pode comprobarse no irrisorio porcentaxe de capturas desta arte sobre o total da sardiña ibérica, polo que a xestión do consumo deste arte apenas afecta ao conxunto e resto de frots. En Galicia son preto de 150 embarcacións despachadas para esta arte e con preto de 500 tripulantes e familias afectadas, en moitos casos o peche da pesquería supón a imposibilidade de ingresos, xa que non existe en moitos casos alternativas, como na ría de Vigo onde as embarcacións do xeito que non poden faenar polo peche tampouco o poden facer no marisqueo pola presenza de toxina na ría.



O groso da frota xeiteira está concentrado nas rías de Arousa e Vigo, e o peche supón un duro golpe para o sector pero tamén para a nos hostalaría e Turismo xa que é un dos reclamos da gastronomía da zona, que hoxe estase a subministrar con sardiña do Mediterráneo cando os nosos pescadores non a poden pescar a pesar da constatación a existencia e salubridade dos bancos de sardiña das nosas rías.

O peche no mes de xullo é incomprensible tamén no económico e no medioambiental, este mes a xouba e a sardiña acadan bos prezos e son subministradas en fresco e para as empresas da conserva especializadas en este produto, empresas que non mercaran este produto nos vindeiros meses xa que o tamaño xa non será adecuado para a industria conserveira

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que opinión ten a Xunta da situación que está a vivir o sector do Xeito, derivada do peche da pesquería e a decisión da Xunta de non exercer as súas competencias?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/07/2018 14:22:22

Carmen Santos Queiruga na data 20/07/2018 14:22:26

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/07/2018 14:22:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Unha vez pechado o exercicio económico 2017 e presentado o documento correspondente á execución orzamentaria do dito exercicio as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron as transferencias anuais totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas correspondentes ao exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2018 15:35:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/07/2018 15:35:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/07/2018 15:35:59

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Os albergues actuais nacen coa revitalización do Camiño no derradeiro terzo do século XX, e supoñen o soporte fundamental para que os distintos camiños teñan a infraestrutura básica que permite a súa viabilidade de tal xeito que, a día de hoxe, non se entende ningún dos camiños sen o fenómeno da existencia de albergues.

Este modelo de aloxamento cun custo baixo e cun plus de convivencia multicultural e vital, supón un modelo de aloxamento totalmente axeitado á actividade de percorrer os camiños a Santiago de tal xeito que a día de hoxe non se pode entender ningún dos camiños a Compostela que non dispoña de albergues.

No Camiño de Santiago sempre se fala da hospitalidade xacobeá, que se refire á amabilidade das xentes do Camiño para axudar aos peregrinos e darlles acubillo en momentos de necesidade. Pero isto non significa que ninguén teña a obrigaón de aloxar de maneira gratuíta aos peregrinos, nin que podamos percorrer o Camiño de Santiago "de gratis".

En diferentes ocasións, nas que a afluencia de peregrinos é masiva e os albergues están sen prazas, algúns concellos habilitan polideportivos para que os peregrinos que se quedaron sen sitio teñan un lugar no que durmir.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de que algúns concellos están a abrir pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e do Camiño Portugués para aloxar ás persoas peregrinas que non atopan aloxamento en albergues, se for o caso, en que concellos??

Grupo Parlamentario

2ª) Coñece o Goberno galego en que datas se abriron os pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e Camiño Portugués?

3ª) Cal foi, o número de grupos, e o número de persoas que formaban estes grupos, que se aloxaron en pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e Camiño Portugués?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Que situación se debe dar nos concellos por onde pasan as distintas rutas do Camiño de Santiago para que pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos abran as súas portas aos peregrinos?

5ª) Tramitou a Xunta de Galicia algunha sanción económica a algún concello por ter aberto os pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos, de ser o caso, cal foi o motivo das sancións?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/07/2018 16:05:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/07/2018 16:05:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

O 19 de xullo de 2018, o presidente da Xunta anuncia, tras o Consello da Xunta, a posta en marcha das “casas do maior”, un servizo destinado a “prestar atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos concellos de menos de 5000 habitantes”, ao xeito do modelo das “casas niño”.

O Presidente da Xunta sinalou en rolda de prensa que en ditas casas “poderase atender a cinco maiores, durante un máximo de oito horas diarias, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade.”

As axudas cubrirían o 100% do investimento necesario para a posta en marcha do servizo, con 15.000 € como máximo para reforma ou adaptación da casa e cunha prima de 19.600 €/ano para a atención individualizada.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Anuncia este servizo a mediados de xullo para intentar contrarrestar os datos negativos achegados polo informe de fiscalización do Consello de Contas sobre os centros residenciais de maiores e dependentes en Galiza?



- Cando se vai publicar a Orde de axudas para as “casas do maior”?
- Que características van ter este tipo de axudas?
- A prima anunciada de 19.600 euros/año para la atención individualizada inclúe a dotación de material necesario cada mes para a casa do maior? Que porcentaxe se calcula que quedaría para salario da persoa que rexente a casa?
- Que criterios de inspección e de control de calidade se van esixir?
- Ten a Xunta avaliado as necesidades específicas de prazas residenciais en cada un dos 90 concellos susceptibles de contar con este recurso?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/07/2018 10:09:03

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, de 12 de xaneiro. Grazas a esta norma, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas xudiciais é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O “Avelino Montero”, en Pontevedra, é un dos centros galegos onde se executan estas medidas xudiciais de internamento. Trátase dunha construción de mediados dos anos 80 que, lamentablemente, está en peores condicións que nos anos 80. O propio Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicou en varias ocasións o desleixo máis absoluto e por anos respecto das instalacións e ata dos menores usuarios do centro: deficiencias múltiples nas infraestruturas e en todas as instalacións e falla de persoal que inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e que só o grande labor das persoas profesionais acada impedir.

Este grupo parlamentario levou o pasado mes de xuño unha pregunta a Comisión sobre o centro e os seus problemas, recibindo respostas vagas e promesas futuras por parte da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Tan vagas e futuras que onte mesmo, na súa visita ao “Avelino Montero”, unha das deputadas do grupo ao centro puido comprobar en primeira persoa.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación do Centro de Reforma de Menores “Avelino Montero” de Pontevedra?
2. Coñece o Goberno cal é a situación das persoas menores que viven no centro?
3. Tivo coñecemento o Goberno dos casos de sarna que houbo no centro? Sabe si se activou o protocolo correspondente ante a sospeita da existencia de casos de sarna?
4. Cal é a opinión do Goberno respecto de que neste centro non haxa DUES, médico, enfermeiro nin asistente social?
5. Coñece o Goberno a situación das instalacións do centro?
6. Vai elaborar un plan de arranxo do centro “Avelino Montero” e executar as medidas do dito plan de cara ao seu saneamento integral neste ano 2018?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 11:12:59

María Luisa Pierres López na data 23/07/2018 11:13:06

Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2018 11:13:10

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2018 11:13:16

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Coa publicación da *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, regúlanse as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. A lei configura un dereito subxectivo que se fundamenta nos principios de universalidade, equidade e accesibilidade, desenvolvendo un modelo de atención integral ao cidadán, e establecendo un nivel mínimo garantido, un nivel acordado coas comunidades autónomas e un nivel propio que poderán establecer as ditas comunidades.

Galicia, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía, aprobou a *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*, que ten por obxecto estruturar e regular, os servizos sociais en Galicia. A citada lei establece non seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, no seu artigo 4, como un dos principios xerais dos servizos sociais, os de autonomía persoal e a vida independente.

Neste contexto, e mediante o *Decreto 195/2007, do 13 de setembro*, regulouse o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ ou persoas en situación de dependencia. Este foi o marco no que se estableceu o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o 065, un transporte público que ata o ano 2014 garantiu a universalidade e gratuidade dos desprazamentos

 Grupo Parlamentario

programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade.

Baseado na política de retallos en materia de servizos públicos emprendida polo Goberno do PP, no ano 2014 a daquela Consellería de Benestar publicou o *Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, polo cal se eliminaba a gratuidade e universalidade deste servizo*, que supoñía que dito servizo deixaba de estar 100 % financiado pola Xunta de Galicia.

A partir de entón, moitas entidades de iniciativa social incluíron o servizo de transporte para as persoas usuarias como un compoñente máis dos seus servizos, a través de contratos para a xestión de prazas públicas de centro de día, de recursos propios das entidades, de convenios de colaboración con outras asociacións que dispoñen deste servizo, ou recaendo parte do custe nos usuarios e usuarias deste servizo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Catro anos despois de que se eliminase a gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, que valoración fai a Xunta de Galicia das consecuencias que esta medida tivo para os usuarios e usuarias deste servizo?
2. Considera o Goberno galego que a aportación que realiza a administración autonómica é suficiente, considerando a media de custos actuais para as entidades que prestan este servizo?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar esta aportación?
4. Valora o Goberno galego que durante a X lexislatura volva a Administración autonómica a asumir integramente o custo do servizo de transporte adaptado, devolvéndolle así o seu carácter gratuíto e universal?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto levalo a cabo?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2018 13:01:35

Raúl Fernández Fernández na data 23/07/2018 13:01:48

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2018 13:01:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Dende o mes de xuño, pero especialmente nas últimas tres semanas, no río Tambre do concello de Ames teñen aparecido multitude de peixes mortos e outros con feridas, orixinando que o concello debese acordar o peche temporal ao baño da praia fluvial de Tapia como medida preventiva. A causa da mortalidade de peixes suponse que está nun presunto vertido, pero a información dende o Goberno galego nin chegou nin chega.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Sabe o Goberno galego cales son as causas que teñen orixinado danos medioambientais no río Tambre (no concello de Ames) dende o mes de xuño?
2. Cantos peixes mortos e/ou feridos ten recollido a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio?
3. Que tipo de afección houbo sobre outra fauna e/ou flora no tramo afectado?
4. Que accións ten acometido a consellería?
5. Que vai facer o Goberno para a recuperación do río Tambre, no concello de Ames?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Ten aberto o Goberno algún procedemento administrativo sancionador? Se a resposta fose positiva, a quen e dende cando?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 13:16:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/07/2018 13:16:13

Raúl Fernández Fernández na data 23/07/2018 13:16:18

María Luisa Pierres López na data 23/07/2018 13:16:24

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Din os economistas que a Economía Circular supón reducir tanto a entrada de materiais como a produción de refugallos virxes porque, como non temos recursos naturais suficientes para manter o modo de vida actual, hai que potenciar a reutilización. E un dos principais problemas que xeran os residuos, tanto nos ámbitos urbanos como nos naturais, é un seu impacto tras seren abandonados. O sistema de depósito, devolución e retorno de envases pode ser unha solución eficaz para evitar este problema, é dicir, aplicar un depósito económico (de entre 10 e 25 céntimos) aos envases máis comunmente abandonados e dun só uso (envases de auga, cervexa, zumes e refrescos xa sexan de vidro, plástico, lata ou brick de menos de 3 litros) para disuadir á cidadanía de tiralos en calquera sitio. Este sistema suporía a aplicación do principio “Quen contamina paga” e estaría controlado polas administracións públicas en canto á transparencia das estatísticas, datos da xestión e auditoración das contas.

Alemaña ten implantado cun éxito de máis dun 90 % o sistema de depósito, devolución e retorno de envases dende os anos 90, mentres que en España Baleares, Navarra, Valencia e Cataluña foron comunidades autónomas pioneiras aínda que con non moi bos resultados, fundamentalmente polo rexeito entre outros operadores de reciclaxe de residuos e comerciantes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que é preciso reducir tanto a entrada de materiais como a produción de refugallos virxes?
2. Considera o Goberno galego que o sistema de depósito, devolución e retorno de envases podería ser unha solución eficaz para evitar este problema?
3. Estaría disposto o Goberno a estudar a posta en marcha deste sistema de reciclaxe en Galicia?
4. Estaría o Goberno disposto a controlar a transparencia das estatísticas, datos da xestión e auditoración das contas relativas a este sistema de reciclaxe?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 13:19:08

Raúl Fernández Fernández na data 23/07/2018 13:19:13

María Luisa Pierres López na data 23/07/2018 13:19:18

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A loita contra o lume ten que converterse nunha loita de país. A pasividade do Goberno galego; o seu desleixo en prevención, formación, coordinación e reforzo dos corpos que interveñen na prevención e na extinción e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados desastrosos. Así, no propio informe presentado polo Fiscal Superior de Galicia na Comisión especial de Política Forestal do Parlamento o día 2 de marzo deste ano, dise, entre outras afirmacións, que un elemento fundamental e básico constitúe a necesidade de reforzar a coordinación de todos os grupos involucrados, axustando ao tempo as novas tecnoloxías.

Mais o Goberno non semella ser da mesma opinión: dende o día 7 de abril de 2017, membros do Sindicato Unificado de Policía que pertencen á Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia (UPA) agardan unha resposta das consellerías de Medio Rural e de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Os contactos foron reiterados e ata tiveron que acudir recentemente ao Valedor do Pobo, mais lamentablemente os resultados son negativos.

As súas solicitudes son sinxelas:

1. Que se amplíe a operación “Centinela Gallego” ás comisarías da Policía Nacional para que a partida orzamentaria que existe tamén redunde no servizo que prestan.
2. Que se dote dunha partida orzamentaria extraordinaria á UPA para a realización de servizos extraordinarios que palíen o déficit de

 Grupo Parlamentario

persoal no verán e o incremento dos servizos de incendios que se producen nestas datas e ante a inminente activación do Pladiga.

3. Que a Consellería de Medio Rural incremente a flota de vehículos destinados á UPA.

4. Que se incremente a formación das persoas que pertencen á UPA.

5. E que se reforce e mellore a coordinación de todos os grupos involucrados, desenvolvendo protocolos ao efecto e axustando ao tempo as novas tecnoloxías.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que un elemento básico para a loita contra os incendios é a necesidade de reforzar a coordinación de todos os grupos involucrados, desenvolvendo protocolos ao efecto?
2. Vai ampliar o Goberno a operación “Centinela Gallego” ás comisarías da Policía Nacional para que a partida orzamentaria que existe tamén redunde no servizo que prestan?
3. Vai dotar o Goberno dunha partida orzamentaria extraordinaria á UPA para a realización de servizos extraordinarios que palíen o déficit de persoal no verán e o incremento dos servizos de incendios que se producen nestas datas e ante a inminente activación do Pladiga?
4. Vai incrementar o Goberno a flota de vehículos destinados á UPA?
5. Vai incrementar a formación das persoas que pertencen á UPA?
6. Cales son os motivos polos que o Goberno non resposta ás solicitudes da UPA dende abril de 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 13:22:16

José Antonio Quiroga Díaz na data 23/07/2018 13:22:22

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/07/2018 13:22:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/07/2018 13:22:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/07/2018 13:22:41

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En setembro de 2016, 375 científicos da “Academia Nacional de Ciencias de USA” remitían unha carta aberta a aqueles que negan o cambio climático. Nesa carta definían este fenómeno como unha realidade física que ten incrementado os gases de efecto invernadoiro e, así, mudado o clima do planeta: quecemento dos mares, a superficie terrestre e a atmosfera interior; acidificación dos océanos; aumento do nivel do mar; patróns de choiva alterados e moitos outros aspectos. O cambio climático inducido polo ser humano debido ás emisións de gases de efecto invernadoiro está detrás dos episodios de calor extremo en máis do 80 % do planeta, da escaseza de choiva nun 57 % e de períodos de 5 días con precipitacións abundantes nun 41 % da superficie da Terra. Esta é tamén a principal conclusión dun estudo realizado por 11 investigadores da Facultade de Ciencias da Terra, Enerxía e Medio Ambiente da Universidade Stanford, que intenta botar luz sobre a vinculación dos episodios de ondas de calor, choivas torrenciais ou seca co cambio climático de orixe humana. Galicia non é unha excepción: Os fenómenos meteorolóxicos máis recentes na nosa Comunidade son a seca extrema, choivas torrenciais, picos de calor en plena primavera ou xeadas a destempo. E vai ir a máis, os resultados da análise de MeteoGalicia respecto das proxeccións de temperatura máxima, para o período 2061-2090, indican con claridade unha tendencia de aumento dos valores (entre os 3°C e os 4°C, sendo algo menor, entre 2°C e 3°C no terzo norte).

Polo tanto, o mundo científico coincide en que o problema orixinado polo cambio climático é un perigo para os cidadáns presentes e futuros do planeta, ata o punto de que gobernos de case todo o mundo acordaran en París a loita contra este fenómeno, incluíndo compromisos

Grupo Parlamentario

nacionais, posto que, dado o grave impacto económico que ten provocado e que vai provocar, só dispoñemos de 10 anos para nos dar a oportunidade de mudar a tendencia de maneira efectiva. E unha das medidas que poden materializar ese compromiso é incluír a pegada de carbono na contratación pública da Xunta de Galicia.

A lexislación así o permite. O artigo 10 do Real decreto 163/2014, do 14 de marzo, establece que o órgano de contratación poderá incluír entre as consideracións de tipo medioambiental que se establezan no procedemento de contratación as relativas á pegada de carbono, que se poderán acreditar mediante certificados equivalentes ou outros medios. É o artigo 145 da recente Lei de contratos do sector público 9/2017, de 8 de novembro o que se refire ás consideracións medioambientais, pois recolle varios criterios de adxudicación dos contratos ás empresas en base á mellor relación calidade-prezo, avaliado con arranxo a criterios económicos e cualitativos (os aspectos medioambientais están nestes cualitativos, tales como a redución do nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro, cuantificada a través da pegada de carbono). Algunhas comunidades autónomas xa recollen isto mesmo nos seus pliegos de contratación; un exemplo é Castela e León.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É o compromiso da loita contra o cambio climático un dos principais retos de futuro para o Goberno da Xunta de Galicia?
2. Vai materializar ese compromiso o Goberno incluíndo a pegada de carbono na contratación pública da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2018 13:38:29

Raúl Fernández Fernández na data 23/07/2018 13:38:35



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 23/07/2018 13:38:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como no impulso das infraestruturas necesarias; continuando coa aposta polo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia; ou con novas iniciativas como o Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña.

Esta última é unha iniciativa da Xunta que permite que os autobuses interurbanos poidan facer paradas no centro da cidade.

O Plan de Accesibilidade iniciou a súa posta en marcha no mes de novembro de 2017 e foise implantando de modo progresivo, en distintas fases, ata verse completado a finais do pasado mes de maio.

Con este plan a Xunta busca fomentar o uso do transporte público e reforzar o papel da cidade como centro de actividade económica, comercial e social, atendendo con el, ademais, unha vella demanda dos veciños da comarca.

Grazas a esta iniciativa os usuarios poden baixar e subir do autobús directamente nas paradas establecidas, sen necesidade de chegar ata a estación de autobuses, o que supón unha importante mellora da súa mobilidade con respecto á situación anterior, na que só podían subir e baixar do transporte público interurbano na estación, situada en Catro Camiños.

É por iso que os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Comisión**:

- 1.- Como ten sido o proceso de implantación do Plan de Accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña?
- 2.- Cal é o balance do Plan nos meses que leva en funcionamento?
- 3.- Que valoración fai a Xunta ao respecto?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 23/07/2018 14:28:04

Jaime Castiñeira Broz na data 23/07/2018 14:28:22

Jacobo Moreira Ferro na data 23/07/2018 14:28:35

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2018 14:28:56

Marta Novoa Iglesias na data 23/07/2018 14:29:19

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/07/2018 14:29:34

Gonzalo Trenor López na data 23/07/2018 14:29:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/07/2018 14:30:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 10:27
Nº Rexistro: 33727
Data envío: 24/07/2018 10:27:17.664

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á demora inxustificada en comunicar a obtención de praza para os campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade convocados pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

A Consellaría de Política Socia a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade realizou ao igual que outros anos a convocatoria de campamentos específicos para persoas con discapacidade. As datas de programación destes campamentos van do 1 de xullo ao 12 de setembro e poden solicitarse en períodos dunha duración de 10 días. Van dirixidos a persoas de entre 11 e 40 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. O prazo de presentación de solicitudes para participar nos mesmos rematou o 30 de maio

Desde hai varios anos estase a atrasar a comunicación ás familias que solicitan á Xunta de Galiza campamentos de verán para as súas fillas e fillos con diversidade funcional, mais neste 2018 xa se traspasaron todos os límites aceptábeis.

Segundo a información que nos trasladan as familias, todas as que solicitaron quenda en xullo foron avisadas da súa concesión no día anterior a incorporarse, e hoxe día 24 de xullo todas as familias que solicitaron praza para o mes de agosto no caso concreto do Albergue de Gandarío non teñen ningunha comunicación de quen está admitido, ou non, e en que quenda.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 10:27
Nº Rexistro: 33727
Data envío: 24/07/2018 10:27:17.664

Por outro lado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia aparece con data de 25/06/ 2018 a Contratación do Servizo de organización, programación e execución dos campamentos de verán 2018 específicos para persoas con discapacidade, polo procedemento aberto simplificado por un importe de 109.936,31 € con IVE, a data de hoxe, **pendente de adxudicación.**

En días pasados cando as familias se dirixían por teléfono para pedir información se lles contestaba que aínda non se sabía por que non había empresa para realizar este labor. As familias que se dirixiron no día de hoxe díxoselles que tiñan “prohibido” dar información sobre os campamentos específicos para persoas con discapacidade.

A unha semana do comezo da quenda de agosto no albergue de Gandarío as familias non saben se poderán ou non obter praza para o seu fillo ou filla, isto supón un gravísimo prexuízo tanto para a conciliación laboral e familiar como para poder dar respostas ás necesidades lúdicas e de esparcemento destas mozas e mozos con diversidade funcional.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

Consideran normal e xusto que a unha semana do comezo dos campamentos específicos para persoas con discapacidade non saiban as persoas solicitantes e as súas familias se teñen ou non praza?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 10:27
Nº Rexistro: 33727
Data envío: 24/07/2018 10:27:17.664

De que xeito se xestionou a realización dos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade para atoparnos agora nunha situación de total indefensión para as persoas afectadas e para as súas familias?

Teñen prevista unha data para comunicarlle as persoas que solicitaron praza se a obtiveron ou non?

Quen son os responsábeis desta situación?

Que medidas vai tomar a Consellaría de Política Social para solucionar de inmediato a situación e para depurar responsabilidades?

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 10:27
Nº Rexistro: 33727
Data envío: 24/07/2018 10:27:17.664

María Montserrat Prado Cores na data 24/07/2018 10:15:29

Ana Pontón Mondelo na data 24/07/2018 10:15:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/07/2018 10:15:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/07/2018 10:15:39

Noa Presas Bergantiños na data 24/07/2018 10:15:42

Xosé Luis Bará Torres na data 24/07/2018 10:15:44

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O ano que vén hai eleccións municipais. Na provincia de Pontevedra, o 13 de novembro de 2015, o PP presentaba unha moción de censura en Oia e recuperaba a alcaldía. En 2016, previo ás últimas eleccións autonómicas, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, fusión que ía provocar alteración dos partidos xudiciais. O 10 de maio de 2016, o PP presentaba outra moción de censura en Pontecesures e recuperaba a alcaldía. En maio de 2017, o PP volvía á alcaldía de Sanxenxo tras firmar un chamado “pacto de goberno” coa formación Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) que encabezaba o que ata entón fora alcalde. Finalmente, o 17 de outubro de 2017, o PP presentaba unha moción de censura en Tui apostando así por un alcalde con só 2 concelleiros na corporación, polos 4 que ten o PP máis os 3 das súas escisións.

Este grupo parlamentario xa dixo no seu día que eran demasiados cambios en concellos da provincia de Pontevedra en menos de dous anos e que semellaba que se estaban a comprometer fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia con vistas as eleccións municipais do ano que vén. De feito, así se fixo en Tui, onde aquel acordo programático firmado por Cores Tourís en nome do PP comprometía ata fondos estatais e nestes días soubemos que, de forma indirecta, presuntamente fondos públicos puideron servir para chegar a aquela alcaldía: referímonos ao nomeamento da concelleira de Urbanismo para un posto de auxilio xudicial como interina sen estar na lista de interinos de Galicia e con menos puntuación que outros compañeiros.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego ante o nomeamento da actual concelleira de Urbanismo de Tui para un posto de auxilio xudicial como interina sen estar na lista de interinos de Galicia e con menos puntuación que outros compañeiros?
2. Ten comprometido o Goberno fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia de Pontevedra?
3. Existiron eses compromisos de investimento nos concellos de Oia, Pontecesures, Sanxenxo e Tui?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/07/2018 12:04:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/07/2018 12:04:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/07/2018 12:04:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/07/2018 12:05:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**

O Conselleiro de Presidencia ven de tramitar unha modificación de crédito por importe duns 250.000€, a que teríamos que engadir outras tramitadas por parte da Consellería do Mar para a mesma finalidade, atender os custes da prórroga do servizo de Gardacostas.

Na certificación do vicepresidente figura un Informe da dirección Xeral de planificación é orzamentos sen data nin sinatura. No citado informe sinalase a necesidade de dotar co crédito necesario a aplicación 14.01.541C.604.1 para levar a cabo a décimo sétima prórroga do contrato subscrito coa empresa Remolcadores Nosa Terra, S.A. para a xestión do servizo público de gardacostas de Galicia.

Alén da situación anómala que supón realizar unha prórroga por duodécima ocasión, non é comprensible que se teña que acudir a unha modificación de crédito para un servizo coñecido, que se ten que realizar e que suporá un gasto que debería estar contemplado nos orzamentos xa que non se trata dunha pequena desviación senón dun total de incremento de 851.273,69€

Por todo isto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a:



Cal é o motivo polo que A Xunta non tiña contemplado nos orzamentos esta partida?

Entende a Xunta acaído acudir a unha modificación orzamentaria para atender a este servicio de carácter ordinario?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/07/2018 13:34:38

Carmen Santos Queiruga na data 24/07/2018 13:34:45

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ante a decisión de designar centro de referencia no tratamento de Sarcomas Musculoesqueléticos en adultos (partes blandas ou óseos) e para todo o ámbito do Servizo Galego de Saúde ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios técnicos que avaliaron esta decisión?
2. Existe no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela un comité operativo real sobre esta enfermidade, con actas de reunión semanais e PNT (Procedementos Normalizados de Traballo) oficializados e en vigor?
3. Considera o Sergas que esta decisión está avaliada por criterios técnicos solventes cando son evidentes e xa se puxeron en cuestión defectos metodolóxicos maiores, como ordenar remitir “pacientes diagnosticados” cando a norma nesta patoloxía e remitir ó paciente coa sospeita, sen facer ningún intento diagnóstico previo (biopsia ou punción, que poden ser deletéreos en caso de realizalas un equipo distinto ó que vaia a tratar definitivamente ó paciente)?
4. Considera o Sergas que esta decisión mellora a atención ás persoas pacientes afectadas por estas doenzas cando implicará o desprazamento de pacientes dende áreas sanitarias (concretamente as dependentes do CHUVI) onde xa se levan case tres anos tratando paciente segundo directrices de centros de referencia (CSUR) e baixo a coordinación dun comité de sarcomas plenamente operativo e con actividade rexistrada?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/07/2018 09:17:03

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 09:17:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia de 2 de xaneiro de 2018 publicouse a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establecendo na súa Disposición derradeira sexta que a entrada en vigor da dita lei será aos seis meses da súa publicación, é dicir, o 1 de xullo de 2018.

O artigo 10 establece a creación dunha *Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia* como órgano consultivo de estudo, coordinación, seguimento e asesoramento das administracións autonómica e local nas materias reguladas por esta lei, outorgándolle as seguintes funcións:

“a) A audiencia no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral específicas que se teñan que ditar en desenvolvemento desta lei e na súa modificación.

b) A formulación de propostas sobre a interpretación, a aplicación e a modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos e as actividades recreativas e mais os establecementos ou espazos abertos ao público.

c) A emisión dos informes que se lle soliciten con carácter facultativo sobre a interpretación, aplicación e modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos e as actividades recreativas e mais os establecementos ou espazos.

d) A elaboración de recomendacións para mellorar a actuación e promover a coordinación das administracións autonómica e local nas materias reguladas por esta lei.

e) Calquera outra que se lle atribúa regulamentariamente”.

Grupo Parlamentario

Antes da entrada en vigor da Lei, determinados sectores, nomeadamente o das orquestras e o de música en vivo, así como as administracións locais, advertiron sobre a posibilidade de que xurdiran problemas coa súa interpretación e, polo tanto, a súa aplicación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta que na época estival é cando se desenvolven a maioría dos espectáculos públicos e as actividades recreativas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Iniciou a súa actividade a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia?

2ª) Elaborou algún informe a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia de avaliación sobre a aplicación da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia durante estes meses?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/07/2018 09:53:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/07/2018 09:53:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/07/2018 09:53:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

No DOG nº 231 do 5 de decembro de 2017 publicouse a resolución do 23 de novembro de 2017, resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión ao medio propio Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. para executar durante o exercicio 2017 actuacións de conservación en parques da Rede de parques naturais de Galicia no ano 2017.

Os traballadores das listas de SEAGA que desenvolvían as súas tarefas de mantemento e conservación e protección das infraestruturas da Rede dos Parques Naturais, en concreto do Monte Aloia viñan desenvolvendo estas tarefas desde o mes de xullo do ano 2017. Con esa resolución prorrogábanse automaticamente a encomenda ata a finalización do ano.

Por outra banda, os contratos das traballadoras de SEAGA, resultaban ampliados de xeito tácito, ao seren contratos temporais con finalización de fin de obra. En principio dito fin de obra calculábase ata abril de 2019.

Ademais outros traballadores xa foran obrigados a escoller entre seguir traballando con este contrato temporal ata fin de obra ou ir a traballar nas labores de prevención e extinción de incendios.

Nestes momentos as traballadoras foron despedidas por fin de obra, e no seu sitio realizan as labores traballadores de TRAGSA.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

- 1.- Coñece a Xunta a existencia desta encomenda a SEAGA? Canto tempo estaba prevista a duración do contrato?
- 2.- Por que se presume a finalización nun determinado mes non se comunica dito feito as persoas traballadoras para que se organicen na busca doutro emprego?
- 3.- Considera a Xunta axeitado o procedemento de comunicación dun día para outro a finalización dos contratos?
- 4.- É coñecedora a Xunta das labores que desempeñan as traballadoras de TRAGSA nos mesmos postos que antes ocupaban os traballadores de SEAGA? A que se debe isto? É coñecedora a Xunta da existencia dun novo contrato? Podería especificar que labores realizan diferentes das compañeiras de SEAGA? Podería amosar os dous contratos que permitiron a SEAGA traballar e que permiten agora a TRAGSA?
- 5.- É posible que a Xunta de Galicia estea despedindo a uns traballadores para subcontratar a outros a través de TRAGSA?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/07/2018 10:23:41

Luis Villares Naveira na data 26/07/2018 10:23:50

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Unha das máis graves problemáticas en mobilidade de Ourense segue a ser despois de moitos anos o déficit de prazas de aparcamento. O desenvolvemento de novas infraestruturas nas últimas décadas, deu lugar a novas necesidades de aparcamento que incrementaron máis se cabe a carencia que a diario sofren os condutores na cidade.

Un dos proxectos globais que tiñan por obxectivo dar solución a esta problemática era o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” da Xunta de Galicia, paralizado dende o ano 2013, e ao que o Concello de Ourense, daquelas gobernado polo PSdeG, tiña presentado e aprobado en Pleno as súas alegacións de mellora para o noso termo municipal.

Neste proxecto recollíanse 6 propostas de situación de aparcamentos disuasorios en Ourense: acceso centro, acceso norte da cidade, estación de ADIF, entorno do Recinto Feiral de Expoureense, campus universitario das Lagoas e zona do barrio do Couto.

Mentres este plan segue sen novidades de execución 5 anos despois, os puntos negros de aparcamento en Ourense seguen a masificarse no entorno máis urbano, de xeito máis relevante no centro da cidade, e facendo especial fincapé nos que se atopan nos contornos de centros educativos, no horario de entrada e saída dos mesmos, onde o colapso leva a que haxa escenas diarias de dobres e ata triplo filas de coches, que poñen en risco a seguridade dos peóns e a propia circulación dos vehículos. A saturación da zona centro fai que moitas veces os veciños e veciñas así coma os e as visitantes busquen por proximidade aparcamento noutros barrios coma o de San Francisco ou incluso A Ponte, cuxas prazas de aparcamento resultan tamén claramente

 Grupo Parlamentario

insuficientes para tan elevado número de persoas usuarias. A insuficiencia pode observarse de xeito máis claro no entorno do complexo hospitalario, ou das estacións de ferrocarril tanto de Empalme como de San Francisco. Do mesmo xeito, que o novo espazo aberto no Campus das Lagoas non chega para abarcar a chegada de estudantes, usuarios/as ou clientes de negocios, da piscina ou da biblioteca.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non executou ata o de agora o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” aprobado no ano 2013, no que se contemplaban alternativas de aparcamento para a cidade de Ourense?
2. Ten previsto manter as seis propostas de situación de aparcamentos disuasorios en Ourense que se contemplan no “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” aprobado no ano 2013?
3. Vai o Goberno galego a executalo durante a X lexislatura?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia a respecto do número de prazas de aparcamento existentes na actualidade na cidade de Ourense?
5. Considera o Goberno galego que é preciso incrementar o número de prazas de aparcamento dispoñibles en Ourense?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 10:38:54

Raúl Fernández Fernández na data 26/07/2018 10:39:00

 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 26/07/2018 10:39:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

Con data 14 de xuño de 2018 a Consellería de Facenda ven de tramitar unha modificación de crédito solicitada pola Consellería do Mar, con número de Referencia TR-14-015-18, na que se transfíren 367.419,89€ para á aplicación Paralización definitiva de actividades pesqueiras e detraendo cantidades de partidas fundamentais para o noso sector como poden ser as medidas para a comercialización ou os plans de produción e comercialización.

Dende En Marea observamos con preocupación o desvío de fondos produtivos e de comercialización cara partidas de despezamento e paralización, sobre todo cando o somero texto explicativo que se adxunta fala de atender unha sentenza do 5 de abril.

Por todo isto as deputadas asinantes formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a

Cal é o motivo polo que a Xunta ten que atender un incremento de orzamento para paralización con respecto a unha sentenza? Cal é a responsabilidade da Xunta nesta actuación?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2018.



Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 26/07/2018 10:38:40

Paula Quinteiro Araújo na data 26/07/2018 10:43:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Lorenzo e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

O INSS ven de publicar os datos de pensións media do conxunto do Estado, e Galicia continúa á cola de ingresos por este concepto. Así a pensión media dos galegos e galegas sitúase en 793.34€ so por diante da de Extremadura e, polo tanto, no furgón de cola do Estado, a pesar do que pregoa o goberno Feijoo, Galicia non converxe co Estado en poder adquisitivo dos nosos pensionista.

Pero si son dramáticos os datos para Galicia, a provincia de Ourense sitúase á cola do conxunto do Estado en canto á pensión media moi por debaixo dos 937,19€ que supón a media estatal, xa que a pensión media da provincia é de apenas 684,28, repetindo polo tanto na última posición do Estado, sendo Lugo ademais a penúltima provincia en pensión media con 704,38€.

Por todo isto o deputado e a deputada asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión :

Que valoración fai o Goberno da paupérrima contía media das pensións en Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2018.



Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 26/07/2018 10:56:04

Julia Torregrosa Sañudo na data 26/07/2018 10:56:13

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 2 de abril, a Xunta de Galicia publicou o procedemento para a contratación administrativa da execución da programación de actividades de educación non formal da Campaña de Verán 2018, que se iniciou o 1 de xullo, pero dez dos trece lotes incluídos neste proceso quedaron desertos debido a que boa parte das empresas presentaban ofertas por baixo do custo establecido mínimo e inferiores ao custo de persoal fixado en función do convenio.

Ante esta situación a Xunta de Galicia convocou, con moi pouca marxe de tempo, aos monitores e monitoras a un proceso selectivo moi deficientemente publicitado e xestionado, sen deixar tempo para que estes profesionais preparasen axeitadamente a programación que impulsarán durante este verán.

Debido a que as contratacións destes profesionais iniciáronse poucos días antes do inicio da campaña de verán, dez dos trece campamentos que oferta a Xunta de Galicia, atrasaron un día o inicio da segunda quenda (planificado para o 17 de xullo), xerando numerosos prexuízos para a conciliación laboral e familiar, e tamén en varias instalacións ao non reunirse equipos cos coñecementos nin titulacións necesarios para desenvolver as actividades que nelas se realizan. Dende a Asociación Galega de Monitores amosaron nestas últimas semanas publicamente o seu rexeitamento a que durante a campaña de verán de 2018 se “puxera en risco a calidade do servizo e se incumpriran os dereitos laborais e as súas condicións salariais fixadas por convenio”.

Ademais, tal e como vén acontecendo estes últimos anos, estase a retrasar a comunicación por parte da Xunta de Galicia a respecto do número de admitidos e admitidas nos campamentos de verán para os nenos e nenas con discapacidade. De tal maneira, que a unha semana de

 Grupo Parlamentario

que comece o mes de agosto, familias que solicitaron praza en algún campamento para este mes, descoñecen a día de hoxe se estes nenos e nenas foron ou non admitidos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia a respecto da organización dos campamentos da campaña de verán 2018?
2. Por que en dez dos trece campamentos que ofertaba a Xunta de Galicia, se atrasou un día o inicio da segunda quenda (planificado para o 17 de xullo)?
3. Que consecuencias cre que tivo isto para as familias?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia a respecto da organización dos campamentos de verán 2018 específicos para persoas con discapacidade?
5. A que se debeu o retraso na comunicación ás familias de nenos e nenas con discapacidade a respecto do número de admitidos e admitidas nos campamentos de verán?
6. Pode garantir a Xunta de Galicia que se cumpriron os dereitos laborais e as condicións salariais fixadas por convenio de todos os monitores e monitoras que participaron na campaña de verán 2018?
7. Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para evitar que estas situacións volvan a repetirse en futuras campañas de verán?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 12:57:55

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 12:58:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

A pesares de que o envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, posuímos o triste liderado de ter o índice de cobertura de prazas con financiamento público en centros residenciais para maiores de 65 anos, máis baixo de todas as Comunidades Autónomas. Sitúase no 1,25 (nº de prazas/poboación de máis de 65 anos x 100), cando a media española é de 2,40, segundo os últimos datos oficiais do Imsero.

O presidente da Xunta de Galicia comunicou o pasado 19 de xullo, na rolda de prensa tralo Consello da Xunta, a creación das “casas do maior”, un servizo que segundo informou brindará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa nos

 Grupo Parlamentario

concellos de menos de 5.000 habitantes, estimando que na primeira convocatoria impúlsense ata 30 casas do maior sendo 90 os concellos susceptibles de contar con este novo recurso.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia publicar a primeira convocatoria para a creación das casas do maior?
2. Que criterios se van a ter en conta á hora de escoller aos concellos nos que se sitúen?
3. A que tipos de reformas nas vivendas que acollan este tipo de servizo irán destinadas as axudas que dará a Xunta de Galicia?
4. Que condicións de accesibilidade se esixirán nestas vivendas?
5. Que requisitos profesionais e persoais se lles esixirá ás persoas que vaian a atender directamente aos maiores nestas casas?
6. Cal vai a ser a aportación da Xunta de Galicia (custo/día de atención de cada usuario ou usuaria deste servizo)?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:00:12

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:00:17

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Tras declarar a Xunta de Galicia que o abastecemento público de auga no concello de A Merca (Ourense) non é apto para o consumo pola elevada presenza de trihalometanos, o pasado mes de xuño, o Concello recomendou a través dun bando non usar a auga de abastecemento para consumo humano, ou sexa, nin para beber nin para cociñar con ela, por motivo dos altos niveis de trihalometanos que contén.

Os trihalometanos son compostos orgánicos volátiles froito da reacción da materia orgánica que transporta a auga sen tratar co cloro que se emprega na planta potabilizadora para a súa desinfección. A súa inxesta en cantidades elevadas e durante un longo período de tempo causa danos hepáticos e son “potencialmente canceríxenos” segundo a Axencia Internacional do Cancro. Relaciónase aos trihalometanos co cancro de vexiga, ademais dos danos no fígado e ril, aínda que hai que engadir que estas substancias nocivas atópanse en cantidades ínfimas, co que non se pode precisar tamén o efecto sobre a saúde xa que este só aparecería a moi longo prazo, cun consumo prolongado.

A pesares de que esta situación non é a primeira vez que acontece, non se teñen tomado medidas para solucionar esta problemática, todo elo a pesares do risco que supón para a saúde da poboación, e das incomodidades que provoca non poder utilizar a auga que sae das billas dos fogares deste concello. Ademais a información á poboación é escasa, e máis se temos en conta que a poboación deste concello de preto de 2000 habitantes, increméntase moito durante a época estival.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que data se detectou que a auga da rede de abastecemento pública non era apto para o consumo pola elevada presenza de trihalometanos?
2. Realizou a Xunta de Galicia algunha campaña para informar á poboación dos riscos que tiña para a saúde consumir auga con presenza de trihalometanos?
3. En caso afirmativo, en que consistiu?
4. Que medidas tomou a Xunta de Galicia durante estes últimos meses para solucionar os recorrentes problemas de presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga do concello da Merca?
5. Vai tomar a Xunta de Galicia medidas técnicas para solucionar os recorrentes problemas de presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga do Concello da Merca?
6. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha estas medidas?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:03:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/07/2018 13:03:16



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:03:22

Raúl Fernández Fernández na data 26/07/2018 13:03:29

María Luisa Pierres López na data 26/07/2018 13:03:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As relacións entre persoas do mesmo sexo non están exentas de violencia no seo da parella. Sen embargo, a falla de coñecemento sobre este tipo de violencia non permite identificar esta forma concreta de violencia e, ademais, fai que non se trate ás vítimas cos medios axeitados. As vítimas de violencia intraxénero non están consideradas como vítima de violencia machista e, polo tanto, a violencia exercida en elas, non ten nin a mesma consideración nin o mesmo tratamento. Estamos a falar dun tipo de violencia específica que precisa ser tratada con medios específicos. A violencia intraxénero permanece aínda invisible para boa parte da sociedade onde aínda persisten mitos como que unha muller non pode pegar a outra muller, ou que un home corpulento non pode ser vítima de agresións físicas por parte doutro home, problema que se agrava se temos en conta que moitas vítimas teñen medo a denunciar para que non se coñeza a súa orientación sexual, algo que aproveitan os maltratadores para ameazar ou coaccionar as súas vítimas.

Segundo un informe da Fundación COLEGA, e a pesares da falla de datos oficiais, calcúlase que a violencia intraxénero cobrouse quince vidas nos últimos dez anos en España. Non só os colectivos mostran a súa preocupación por esta situación, senón que os corpos e forzas de seguridade, reclaman pautas para detectar e tratar ás vítimas. Debemos lembrar que, ata o momento, os casos de violencia intraxénero trátanse como casos de violencia machista, asimilándoos a todas as agresións dentro do fogar que non están categorizadas. Así mesmo, os e as profesionais reclaman medidas para identificar este tipo de violencia co obxectivo de que os e as profesionais coñezan a súa existencia, e permitan identificar as diferenzas existentes coa violencia machista e dispoñer de protocolos específicos para afrontala.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de cantos casos de violencia intraxénero se teñen detectado na nosa comunidade autónoma nos últimos dez anos?
2. Contan os e as profesionais con medios materiais que lles axuden a saber detectar e actuar ante esta tipoloxía de violencia?
3. Ten previsto o Goberno galego tomar algún tipo de medida durante a X lexislatura para loitar contra a violencia intraxénero?
4. En caso afirmativo, cales son as actuacións que se van a levar a cabo para a loita contra esta violencia?
5. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo, durante esta lexislatura, algunha campaña para visibilizar a violencia intraxénero?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:06:09

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:06:15

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727